

Unidade 11 - Repaso

O corpo humano

Facer oídos xordos

Actuar coma se non soubeses ou non oíses nada.

Ter a lingua afiada

Ser ofensivo ou mordaz.

Facer a vista gorda

Finxir que viches algo.

Lavar as mans

Desentenderse de algo cando hai inconvenientes.

Sacar peito

Actuar con decisión e valor ante unha situación difícil.

Lágrimas de crocodilo

Lágrimas que verte alguén aparentando unha dor que non sente.

Ter os pés na terra

Ser realista, práctico e sensato.

Con pés de chumbo

Facer as cousas con coidado e cautela para non cometer erros.




Un fragmento teatral

RESUMO

Manuel está cosendo unha rede cando aparece unha gaivota que se pouxa preto del. Daquela, Manuel comeza a falarlle do mar e das sensacións que lle transmite.

PALABRAS DIFÍCILES

pousar, axexar, leito, coído



Memorizar, dramatizar e recitar

Dramatizar un texto teatral

- Vocalizar correctamente.
- Utilizar un ton axeitado e xesticular.
- Intentar imitar ben o personaxe do texto.

Dramatizar poesía

- Facer fincapé nas palabras que riman.
- Empregar un ton serio.
- Expresar os sentimentos e mirar o público.

Dramatizar prosa

- Vocalizar correctamente.
- Variar o ton en función do que lemos.
- Marcas as pausas, cambios de escena e acción.
- Podemos xesticular e facer movementos que acompañen a lectura.

Variedades da lingua

O galego fálase en toda Galicia, pero con diferenzas segundo a zona: son as variedades dialectais.

Hai **tres bloques de variedades dialectais** do galego:

1. **Bloque occidental:** pode ter **gheada**, **seseo** e palabras rematadas en **-óns**, **-ans**.
2. **Bloque central:** non ten **gheada**, pode ter **seseo** e remata sen **-ós**, **-as**.
3. **Bloque oriental:** non presenta **nin gheada nin seseo**, e remata en **-ois**, **-ais**.

Para axudarnos a entender as palabras podemos consultar no dicionario as diferentes maneiras de nomear unha mesma cousa.

A raia de diálogo

A **raia de diálogo** (—) é un signo máis longo ca o guión.

- Escribimos unha raia (—) para **introducir as intervencións** de quen fala **nun diálogo** e as **aclaracións do narrador**.

—*Como estás?* —preguntou Ana.
—*Moi ben, e ti?* —respondeu Iria.

- Escribimos unha raia **antes e despois dunha aclaración** nunha oración.
Onte pola noite —despois de cear— vimos a peli.
- Se o que queremos é partir unha palabra ao final dunha liña ou dividir unha palabra en sílabas, utilizamos o guión (-).

As anotacións teatrais

As **anotacións teatrais** son indicacións que o autor dun texto teatral inclúe para orientar a representación da obra.

Escríbense sempre en letra **cursiva** e van **entre parénteses**.

As anotacións son indicacións sobre:

- Os **xestos e movementos dos personaxes**.
- A **decoración** e mais a iluminación do escenario.
- O **vestiario** e a **maquillaxe** dos personaxes da obra.



Os puntos suspensivos

Os **puntos suspensivos** (...) utilízanse para:

- Indicar que unha oración ou unha **enumeración** está **incompleta**.
- Expresar **sorpresa**, **dúbida** ou **intriga**.

Os puntos suspensivos **son tres**: ...

- Poden ir seguidos doutros signos de puntuación, excepto o punto.
- Non deixamos espazo antes dos puntos suspensivos, pero si despois.

O complemento indirecto

O **complemento indirecto** (CI) indica o destinatario ou beneficiario da acción do verbo.

Sempre está **formado** pola **preposición a** ou **para + GN**.

Pódese substituír polos pronomes *lle*, *lles*.

Para **identificar un CI** dunha oración:

- Localizamos o **verbo** e comprobamos que **non é copulativo**.
- Identificamos o CD.
- Localizamos outro complemento do verbo distinto do CD e, vemos se leva **a** ou **para + GN**.
- Substituímos o CI por *lle* ou *lles*, para asegurarnos.

Modernizar un fragmento teatral

Para **modernizar un fragmento teatral** debemos:

1. Ler o fragmento e comprobar cal é o conflito principal.
2. Adaptar o tema principal á situación equivalente na actualidade.
3. Realizar unha listaxe dos feitos principais para adaptalos a feitos e situacións actuais.
4. Modificar os diálogos para que a linguaxe sexa actual e vaia acorde con cada personaxe.
5. Modificar as anotacións segundo a actualidade e o personaxe de que se trate.